Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

# IES A Basella

# Programación 2º ESO

# Departamento de Xeografía e Historia



**Curso 2022-2023**

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | |
|---|---|
| **Data** | día mes ano |
| **Versión** | Ver 1.0 |
| **Tipo** | Documentación Departamento |

ÍNDICE

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

1. GLOSARIO ....................................................................................................6

2. CONTEXTO ....................................................................................................10

3. OBXECTIVOS ....................................................................................................10

4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN ..........................................................13

5. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.......................................................................................................18

6. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA..................... ......................................................................29

7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........................33

8. METODOLOXÍA ....................................................................................................34

9. AVALIACIÓN ....................................................................................................39

AVALIACIÓN INICIAL ....................................................................................................39

AVALIACIÓN CONTINUA....................................................................................................40

AVALIACIÓN ORDINARIA CON ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:¡ERROR! MARCADOR NO D

VALORARASE A REALIZACIÓN DE PROBAS ONLINE, QUE REPRESENTARÁN O 50% DA NOTA, E A REALIZACIÓN DO CADERNO DE ACTIVIDADES, QUE SUPORÁ O 50% RESTANTE.¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO

AVALIACIÓN ORDINARIA CON ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:¡ERROR! MARCADOR NO D

REALIZARANSE AS PROBAS DE AVALIACIÓN DURANTE OS DÍAS NOS QUE O ALUMNADO ASISTE A CLASES, E REPRESENTARÁN O 80% DA NOTA, E ESE MESMO DÍA, ENTREGARÁ O CADERNO DE ACTIVIDADES, QUE REPRESENTARÁ O 20 % DA NOTA, POLO QUE OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN SON OS QUE RIXEN PARA A ACTIVIDADE PRESENCIAL. ................................ ¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.

AVALIACIÓN ORDINARIA CON ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:.................................40

AVALIACIÓN FINAL ....................................................................................................44

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA ....................................................................................................44

RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES ..........................................................45

SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR ..........................................................48

PARA O ALUMNADO REPETIDOR PREPARAMOS UN PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO COS SEGUINTES OBXECTIVOS: ........ 48
- QUE O ALUMNO/A ACABE POR ACADAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS DA MATERIA ........ 48
- CONTRIBUIR A MELLORAR A SÚA APRENDIZAXE DE CARA A OBTER RESULTADOS POSITIVOS ........ 48
- PREVIR O ABANDONO ESCOLAR ........ 48
ELABORAMOS A SEGUINTE FICHA DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR: ........ 48
TUTOR/A: ........ 48
1.- DATOS DE INTERESE RECOLLIDOS NO EXPEDIENTE ACADÉMICO: ........ 48
2.- PROBLEMAS DETECTADOS QUE CONTRIBUIRON A REPETIR: ........ 48
3.-RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL: ........ 49
4-ANÁLISE DOS PUNTOS FORTES E PUNTOS DÉBILES: ........ 49
PUNTOS FORTES: ........ 49
5.- PLAN DE INTERVENCIÓN ........ 50
ADAPTACIÓN CURRICULAR NON SIGNIFICATIVA ........ 50
DESENVOLVEMENTO DUN CONXUNTO DE ACTIVIDADES PROGRAMADAS ........ 50
ACTUACIÓNS ........ 50
TAREFAS ........ 50
SEGUIMENTO ........ 50
6.-COMPROMISO DO ALUMNO/A: ........ 50
ADAPTACIÓN CURRICULAR NON SIGNIFICATIVA ........ 51
DESENVOLVEMENTO DUN CONXUNTO DE ACTIVIDADES PROGRAMADAS ........ 51
10. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE ........ 51
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO ........ 51
INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE ........ 52
11. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ........ 53

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

**12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....................56**

**13. LIBRO DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS ....................58**

**14. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN LECTOR ....................59**

**15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC....................60**

**16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....................62**

**17. DATOS DO DEPARTAMENTO ....................65**

**18. REFERENCIAS NORMATIVAS ....................67**

# 1. GLOSARIO

**Desenvolvemento curricular**: 2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.

**Programacións didácticas**: 3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.

**Programación de aula**: 4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.

**Programación didáctica**: Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.

**Criterios de avaliación**: Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).

**Estándares de aprendizaxe**. Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.

**Criterios de cualificación**: Indicadores de logro Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.

**Grao de consecución dun estándar**: Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.

**Criterios de cualificación e instrumentos**: Serven para ponderar "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.

**Procedementos e instrumentos**: Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).

**Rúbrica:** Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.

**Portfolio**: Achega de producións dun alumno/a.

**OUTROS ASPECTOS**

**Graduación dos estándares**: Para identificar o progreso dos

estándares ao longo dunha etapa.

**Perfil de área:** Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliables que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliables póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.

**Perfil competencial**: Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).

**Avaliación das competencias**: A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).

**Nivel de desempeño das competencias**: Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación […] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).

**Tarefa**: É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.

**Identificación de contidos e criterios**: Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.

**Identificación de estándares**: Exemplo: XHB1.1.2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia.

B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliació.

NO PORTAL DE CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (HTTP://WWW.EDU.XUNTA.ES/PORTAL/GUIADALOMCE) ESTÁN DISPOÑIBLES, EN FORMATO DOC E DESAGREGADOS POR ÁREAS:

• DECRETO 86/2015, DO 25 DE XUÑO, POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

• DECRETO 105/2014, DO 4 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

• A ORDE DO 15 DE XULLO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECE A RELACIÓN DE MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA DE ELECCIÓN PARA OS CENTROS DOCENTES NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, E SE REGULA O SEU CURRÍCULO E A SÚA OFERTA.

## 2. CONTEXTO

***Centro***:

O IES A Basella oferta tres liñas de ESO en 1º e 2º ,e dúas en 3º e 4º (10 grupos), tres grupos de 1º de Bacharelato, e catro grupos de 2º de Bacharelato, coas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, de Humanidades e Ciencias Sociais .

Forman parte do Departamento neste curso os profesores que se citan a continuación: Dona María del Carmen Muñiz Mirás, Dona Susana Vázquez Prieto e Dona Celia Morado Acuña.

O reparto de curso e materias fíxose nunha reunión do Departamento, quedando cubertos todos os cursos, grupos e materias, segundo consta nos horarios personais dos membros do Departamento.

***Curso:***

O curso de 2º ESO está formado por tres grupos: 2º A con 19 alumnos/as ; 2º B con 19 alumnos/as e 2ºC con 20 alumnos/as, o que fai un total de total de 58 alumnos/as.

### 3. OBXECTIVOS

| | |
|---|---|
| a | Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| b | Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| c | Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. |
| d | Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. |
| e | Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. |
| f | Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da |

| | |
|---|---|
| | experiencia. |
| g | Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| h | Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| i | Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. |
| l | Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. |
| m | Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. |

| | |
|---|---|
| n | Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e |

| | |
|---|---|
| | representación. |
| ñ | Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. |
| o | Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

**4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

| 2 ª avaliación | UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS | | | Material de ref. libro de texto | Temporalización | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | UD / Tema / Prox. | Bloque **B1** | Contido | | Mes | Sesións |
| | | | **BLOQUE 1: O MEDIO FÍSICO** | INT. | FEB | 3 |
| | | B1.1 | Localización. Latitude e lonxitude. | TEMA 7 | FEB/MAR | 20 |
| | | B1.2 | Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | B1.3 | Medio físico de España: relevo e hidrografía. | | | |
| | | B1.4 | Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | | | |
| | | B1.5 | Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | TEMA 7 | MAR/ABR | 10 |
| | | B1.6 | Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | | | |
| | | B1.7 | Medio natural e problemas ambientais en España. | | | |

| | UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS | | | Material de ref. libro de texto | Temporalización | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º avaliación | UD / Tema / Prox. | Bloque **B2** | Contido | | Mes | Sesións |
| | | | **BLOQUE 2: O ESPAZO HUMANO** | | | |
| | | B2.1 | Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | TEMAS 8, 10 | ABR/MAIO | 20 |
| | | B2.2 | Poboación europea: distribución e evolución. | | | |
| | | B2.3 | Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | | | |
| | | B2.4 | Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | | | |
| | | B2.5 | Proceso de urbanización no planeta. | TEMAS 9, 11 | MAI/ XUÑ | 15 |
| | | B2.6 | A cidade e o proceso de urbanización europeo. | | | |
| | | B2.7 | A cidade e o proceso de urbanización | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | en España e en Galicia. | | | |
| | | B2.8 | Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | | | |
| | | B2.9 | Paisaxes no territorio español e galego. | | | |
| | | B2.10 | Principais retos e problemas ambientais en España. | | | |

| | UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS | | | Material de ref.<br><br>libro de texto | Temporalización | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | UD / Tema / Prox. | Bloque **B3** | Contido | | Mes | Sesións |
| | | | **BLOQUE 3: A HISTORIA** | | | |
| 1ª avaliación | | B3.1 | Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | INT | SET | 3 |
| | | B3.2 | Fontes históricas. | | | |
| | | B3.3 | Cambio e continuidade. | | | |
| | | B3.4 | Tempo histórico. | | | |
| | | B3.5 | Vocabulario histórico e artístico. | | | |
| | | B3.6 | Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | TEMA1 | SET | 10 |
| | | B3.7 | Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | | | |
| | | B3.8 | Feudalismo. | TEMA 2 | SET/OUT | 12 |
| | | B3.9 | Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | TEMA 5 | NOV | 15 |
| 2ªav | | B3.10 | Reconquista e repoboación. | TEMA 6 | XAN/FEB | 15 |
| 1ª ava | | B3.11 | Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da | TEMA 3 | NOV | 15 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | baixa Idade Media: a ‘Peste Negra’ e as súas consecuencias. | | | |
| | | B3.12 | Arte románica, gótica e islámica. | TEMA 4 | DEC | 10 |

## 5.-RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E

## COMPETENCIAS CLAVE.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
| | Bloque 1. O medio físico | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utili- | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español<br>▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ m | | | | |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres déca- | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| Obxectivos | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso<br>Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación | ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | | do espazo urbano. | Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 3. A historia | | | |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, dura- | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ h | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecua- | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | ▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes | ▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pa- | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B3.8. Feudalismo. | ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f | ▪ B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.10. Reconquista e repoboación. | ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ l | ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Me- | ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades me- | ▪ CSC |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

## 6. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

| | Temporalización: 1ª avaliación | | | | Estándares de aprendizaxe avaliables | Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | | | | | | | | | Elementos transversais | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Tema/UD | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consec. | Peso cualific. | Instrumentos: Proba escrita | Proba oral | Trab. ind. | Trab. grupo | Cad. clase | Rúb. | Obs. aula | Elementos transversais: CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| 2ª avaliación 1º exame | B1.1. | B1.1. | XHB1.1.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD | Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | 100% | 25% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | | | |
| | B1.2. | B1.2. | XHB1.2.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD ▪ CCL | Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego | 50% | 15% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | | | |
| | B1.3. | B1.3. | XHB1.3.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD | Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | 70% | 20% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | | | |
| | | | XHB1.3.2. | ▪ CAA▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL | Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España | 50% | 15% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | | | |
| | B1.4. | B1.4. | XHB1.4.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD | Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | 70% | 20% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | | | |
| | | | XHB1.4.2 | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD ▪ CCL | Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia | 50% | 5% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | | | |
| 2ª avaliación 2º exame | B1.5. | B1.5. | XHB1.5.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD ▪ CCL | Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | 50% | 25% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | | | |
| | | | XHB1.5.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD | Analiza e compara as zonas biocli- | 50% | 25% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | máticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | XHB1.5.3. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD | Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | 50% | 25% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | | | |
| | B1.6 | B1.6. | XHB1.6.1. | ▪ CAA▪ CMCCT ▪ CD | Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | 50% | 25% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | | | |
| | B1.7 | B1.7 | XHB1.7.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CD<br>▪ CCL | Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | | | | | | 100% | | | | x | x | | x | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 3ª avaliación 1º exame | B2.1 | B2.1 | XHB2.1.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD | Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | 100% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | x | | |
| | | | XHB2.1.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD | Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | x | | |
| | B2.2 | B2.2 | ▪ XHB2.2.1. | ▪ CAA▪ CCL▪ CS▪ CD | Explica as características da poboación europea. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | | | ▪ XHB2.2.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |

| Temporalización: 2ª avaliación | | | | | Estándares de aprendizaxe avaliables | Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | Instrumentos | | | | | | | Elementos transversais | | | | | | | |
| Tema/UD | Identif. Contidos | Identif. Criterios | Identif. Estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consec. | Peso cualific. | Proba escrita | Proba oral | Trab. Ind. | Trab. Grupo | Cad. Clase | Rúb. (2) | Obs. Aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3ª ava.1º exame | B2.3. | B2.3. | ▪ XHB2.3.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | | | ▪ XHB2.3.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | ▪ B2.4. | ▪ B2.4. | ▪ XHB2.4.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| 1ª avaliación 2º exame | ▪ B2.5. | ▪ B2.5. | ▪ XHB2.5.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | | | | x | | x | | |
| | | | ▪ XHB2.5.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | ▪ B2.6. | ▪ B2.6. | ▪ XHB2.6.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | | | ▪ XHB2.6.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Distingue os tipos de cidades do noso continente. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | ▪ B2.7. | ▪ B2.7. | ▪ XHB2.7.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | | | | | 100% | | | | | x | x | | x | | x | | |
| | ▪ B2.8. | ▪ B2.8. | ▪ XHB2.8.1. | ▪ CAA ▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD ▪ CCL | Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | | | ▪ XHB2.8.2. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CCL<br>▪ CD | Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | | | | | | 100% | | | | x | x | | x | | | | |
| | ▪ B2.9. | ▪ B2.9. | ▪ XHB2.9.1. | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| | ▪ B2.10. | ▪ B2.10. | ▪XHB2.10.1 | ▪ CAA▪ CMCCT▪ CSC<br>▪ CD▪ CCL | Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | 25% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | x | | x | | |
| exame | ▪ B3.1. | ▪ B3.1. | ▪ XHB3.1.1. | ▪ CSC▪ CCEC | Identifica elementos materiais,culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ B3.2. | ▪ B3.2. | ▪ XHB3.2.1. | ▪ CSC▪ CAA | Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | 75% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | | | ▪ XHB3.2.2. | ▪ CSC▪ CAA | Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | 100% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | ▪ B3.3. | ▪ B3.3. | ▪ XHB3.3.1. | ▪ CSC▪ CMCCT | Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | 100% | 20% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | | | ▪ XHB3.3.2. | ▪ CSC▪ CMCCT | Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | | | | | 100% | | | | | | | | | | x | | |
| | ▪ B3.4. | ▪ B3.4. | ▪ XHB3.4.1. | ▪ CSC▪ CMCCT | Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | 100% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |

| | **Relacionar aspectos curriculares para cada unidade / proxecto / tema** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Temporalización:** | | | | **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| | | | | | | | | **Instrumentos** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Tema/UD | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Competencias clave | **Estándares de aprendizaxe** | Grao mínimo consec. | Peso cualific. | Proba escrita | Proba oral | Trab. ind. | Trab. grupo | Cad. clase | Rúb. | Obs. aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| 1º ava. 1º exame | ▪ B3.5. | ▪ B3.5. | ▪ XHB3.5.1. | ▪ CSC▪ CCL | Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | | | x | | |
| | ▪ B3.6. | ▪ B3.6. | ▪ XHB3.6.1. | ▪ CSC▪ CAA | Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | ▪ B3.7. | ▪ B3.7. | ▪ XHB3.7.1. | ▪ CSC▪ CAA | Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| 1º valiación 2º exame | ▪ B3.8. | ▪ B3.8. | ▪ XHB3.8.1. | ▪ CSC | Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | ▪ B3.9. | ▪ B3.9. | ▪ XHB3.9.1. | ▪ CSC▪ CCEC | Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | | | ▪ XHB3.9.2. | ▪ CSC▪ CCEC<br>▪ CMCCT▪ CCL | Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | | | x | | |
| | ▪ B3.10. | ▪ B3.10. | XHB3.10.1. | ▪ CSC▪ CAA | Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | 70% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |
| | | | XHB3.10.2. | ▪ CSC▪ CCEC▪ CCL | Explica a importancia do Camiño de Santiago. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | | | x | | |
| | ▪ B3.11. | ▪ B3.11. | XHB3.11.1 | ▪ CSC | Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | 50% | 10% | 80% | | | | 20% | | | | | | | | x | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ B3.12. | ▪ B3.12. | XHB3.12.1. | ▪ CSC▪ CCEC▪ CCL | Describe características da arte románica, gótica e islámica. | 50% | 20% | 80% | | | | 20% | | | x | x | | | | x | | |

**LENDA COMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística. |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. |
| CD | Competencia dixital. |
| CAA | Competencia aprender a aprender. |
| CSC | Competencias sociais e cívicas. |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais. |

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora. |
| EOE | Expresión oral e escrita. |
| CA | Comunicación audiovisual. |
| TIC | Tecnoloxías da información e da comunicación. |
| EMP | Emprendemento. |
| EC | Educación cívica. |

## 7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

| | |
|---|---|
| **CCL** | - Definir conceptos históricos.<br>- Explicar as ideas propias.<br>-Resumir opinións.<br>- Redactar informes breves.<br>- Avaliar informacións.<br>- Ler e comprender textos históricos. |
| **CMCCT** | - Aplicar índices estatísticos.<br>- Comentar táboas estatísticas.<br>- Interpretar gráficas. |

| | |
|---|---|
| CD | - Buscar, obter e seleccionar información do ámbito, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información.<br><br>- Elaborar de forma escrita a información obtida. |
| CAA | - Obter información e transformala en coñecemento.<br><br>- Buscar respostas a problemas históricos.<br><br>- Elaborar cadros comparativos |
| CSC | - Recoñecer valores democráticos.<br><br>- Apreciar a pluralidade.<br><br>- Valorar o papel dos homes e as mulleres como suxeitos da historia |
| CCEC | - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.<br><br>- Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.<br><br>- Recoñecer os elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretar as obras |
| CSIE | -Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.<br><br>-Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema |




**8. METODOLOXÍA**

A metodoloxía empregada axustarase  a actividade lectiva presencial

**a) Actividade lectiva presencial:**

Partindo dos principios da Didáctica Xeral e tendo en conta que hai que contribuír a que os alumnos desenvolvan as anteditas competencias, amosamos unha especial atención aos métodos de traballo. Tanto os obxectivos como os criterios de avaliación comprenden aspectos procedimentais e metodolóxicos, pero precisamos aquí os métodos xerais e os procedementos propios de cada unha das materias impartidas polo departamento.

Para conseguir unha aprendizaxe significativa, empregaremos os tres métodos didácticos principais: o expositivo centrado na explicación do docente mediante a lección maxistral e as demostracións prácticas o interactivo centrado na comunicación interpersoal do profesor cos alumnos e de estes entre si, mediante a lección comunicativa e o método interrogativo autónomo centrado no traballo persoal do alumno.

Estes métodos son complementarios e flexibles e o seu emprego depende da natureza do tema a tratar, dos obxectivos a cumprir e do contexto no que se desenvolvan as actividades de ensino-aprendizaxe. Empregamos a metodoloxía expositiva para se plantexa a iniciación dos temas ou cuestións, sinalar as ideas fundamentais, solucionar dúbidas e plantexar cuestións, realizar sínteses e integrar coñecementos. Paralelamente aplicamos unha metodoloxía indagadora que fomente a participación do alumno no seu propio proceso de aprendizaxe e a interacción co profesor e cos seus compañeiros.

Neste marco proporcionado polos tres métodos básicos: Desenvolveranse as diversas técnicas didácticas: exposición, dedución, indicción, comparación, demostración, interrogación, descubrimento… Simultanearanse actividades que impliquen un traballo individual e en equipo( sempre e cando a situación sanitaria o permita) por mor de fomentar actitudes de colaboración, capacidade de organización, toma de decisións, integración e participación dos compoñentes do

grupo.

Dinamizarase a aprendizaxe mediante o fomento das exposicións orais e debates coordinados polo docente e os alumnos.

Potenciarase o uso de medios audiovisuais con especial atención ás novas tecnoloxías

Empregaranse os recursos técnicos e materiais habituais: mapas, gráficos, diapositivas, vídeos, exposicións en Power Point, visitas virtuais, prensa, biblioteca....

Nas materias de Historia da Arte, Xeografía e Historia ao depender en gran medida de procesos de identificación, análise e interpretación, darase prioridade ás técnicas de comentarios de textos e de imaxes, gráficos e datos estatísticos.

Unidas aos procedementos cos que acadar os obxectivos están as técnicas de estudo. O Departamento nas súas distintas materias tentará fomentar a adquisición de certas destrezas e habilidades no alumnado coas que adquirir estes obxectivos. traballarase coa toma de notas, subliñados, esquemas, mapas conceptuais, técnicas de comentario, redacción de temas escritos, ordenacións cronolóxicas, exposicións orais e traballos de investigación.

Ademais cada materia esixe unhas técnicas e procedementos máis específicos:

CCSS e Xeografía:

Confección de mapas para afianza-los coñecementos de xeografía física e política como base para unha axeitada e necesaria localización espacial dos diferentes aspectos xeográficos que se traballan ó longo do curso

Elaboración e comentario de gráficos e táboas estatísticas

Comentario de obras de arte

Comentario e recollida de noticias de prensa

Elaboración de traballos de investigación individuais o en grupo, especialmente

sobre aspectos físicos, demográficos e económicos

Introdución ao traballo de campo sobre cuestións de xeomorfoloxía, meteoroloxía e urbanismo

Recabar información sobre aspectos xeográficos (clima, economía, persoeiros...) do entorno máis próximo co fin de ter un coñecemento máis directo da realidade na que se vive.

Historia:

Confección e interpretación de eixes cronolóxicos

Análise, comentario e composición de textos

Interpretación e comentario de mapas históricos

Comentario de gráficas e estatísticas

Comentario e recollida de noticias de prensa

Comentario de películas e documentais

Recabar información sobre aspectos históricos do entorno máis próximo co fin de ter un coñecemento máis directo da realidade na que se vive.

Historia da Arte:

Confección e interpretación de eixes cronolóxicos en función dos estilos artísticos

Recabar información sobre obras de arte do entorno co fin de visualizar os conceptos xerais no entorno máis inmediato

Lectura, clasificación, análise e comentario de obras de arte

Investigacións sobre obras de arte importantes

O grado de profundidade co que se traballará estas técnicas variará en función dos niveis, de xeito que no primeiro ciclo da ESO estas serán sinxelas e

guiadas mentres a medida que avancemos de nivel (2º ciclo da ESO e Bacharelato) iranse complicando, en especial nos cursos de 2º de Bacharelato onde se aplicarán modelos empregados na ABAU.

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

### AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar, no mes de setembro, realizaranse probas sinxelas para avaliar o grao de coñecemento dos contidos mínimos que se consideran necesarios para construír sobre eles as novas aprendizaxes. Esta proba non terá repercusión na cualificación.

Tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019-20 como consecuencia do decreto de estado de alarma derivado do Covid 19, realizaremos durante as primeiras semanas do curso, un plan de reforzo e de recuperación de ditas aprendizaxes, que neste caso, versará sobre as unidades didácticas :8,9. Ese plan incluirá o emprego da aula virtual e das tics, para a través dunha serie de videos,documentais… de curta duración, o alumnado poda obter a necesaria información que lle permita completar un breve cuestionario.

Sería tamén conveniente observar as peculiaridades na forma de aprender de cada alumno, así como o grao de integración social de cada un deles.

Os membros do Departamento consideran tamén conveniente que cada profesor tentara comprobar o nivel de coñecementos previos do alumnado en cada tema da materia.

**AVALIACIÓN CONTINUA**

AVALIACIÓN ORDINARIA CON **ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:**

Ao longo do curso están programadas tres sesións de avaliación, unha por trimestre. A última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño. Durante cada avaliación realizaranse como mínimo dúas probas que abarcarán a materia impartida.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar as materias da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia poderán utilizarse os seguintes instrumentos:

• Probas escritas, podendo ser de preguntas curtas, de respostas directas, de preguntas teóricas a desenvolver cunha certa amplitude, etc, probas que serán fixadas dependendo da marcha e do desenvolvemento da materia.

Nas probas escritas de calquera tipo, poderán presentarse ao alumnado:

• Textos, gráficas, imaxes e mapas históricos para ser analizados e comentados, de acordo coas pautas dadas na aula.

• Termos para ser definidos.

• Preguntas que o alumnado debe contestar a partir dos contidos desenvolvidos na aula.

• Desenvolvemento dun tema, a partir de fontes documentais, que o alumnado debe analizar e ter en conta.

• Exercicios de carácter práctico.
• Probas orais na clase, ben individuais, ben colectivas (no caso de traballos en grupo,sempre que a situación sanitaria o permitira).
• Traballos individuais ou en grupo( se a situación sociosanitaria o permitise). Algúns deles faranse na aula e outros na casa.

• Traballos de lectura e/ou investigación que serán entregados no prazo establecido, traballos para os que se poderán utilizar as novas tecnoloxías.
• Valoración do caderno de clase.
• Valoración da curiosidade e interese pola materia, mellora na lectura e escritura, integración nos grupos de traballo, así como a creatividade.
• Actitude na clase: comportamento, puntualidade, orde, cumprimento das normas que o profesorado considere preciso ter en conta á hora da cualificación final.
• Consecución das competencias básicas.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación para as avaliacións serán os seguintes:

Probas obxectivas

• Todas as preguntas, textos, mapas, etc, irán numerados e indicarase, se procede, a valoración de cada un.
• Terase moi en conta a corrección na escrita (léxico, gramática, ortografía, orde, limpeza). En caso de erros reiterados e/ou graves na realización de textos escritos, poderase restar ata 1 punto.

Probas orais. Terase en conta a capacidade discursiva e a linguaxe utilizada, así como o grao de coñecementos.

Traballos

No caso de traballos na aula, terase en conta a realización dos exercicios e actividades ordenados, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan.

No caso de traballos individuais, valoraranse tanto o caderno de clase como o traballo cotiá, así como aqueles de carácter extraordinario. Terase tamén en conta a calidade dos textos e das ilustracións.

No caso de traballos en grupo,( se a situación sanitaria o permitise) ademais de valorar o mesmo que nos traballos individuais, terase en conta tamén a participación de cada membro do grupo.

En canto aos mínimos esixibles na presentación de traballos escritos, os criterios que se seguirán serán os seguintes:

• Cumprir o prazo de entrega.

• Presentar un traballo pulcro, usando unha letra clara e lexible.
• Gardar as marxes e estruturar o texto en parágrafos.
• Unir con grampas ou clips as follas se a extensión do traballo é de máis dun folio.
• Non usar o "cortar e pegar". O traballo debe reflectir que lemos, comprendemos e sabemos expresar o contido do lido.
• Revisar a ortografía e puntuación antes de entregalo.
• Empregar un rexistro lingüístico formal e culto, esforzánse por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.
• Citar correctamente, no seu caso, a bibliografía e/ou as fontes consultadas e utilizadas na elaboración do traballo, especificando tamén a autoría e procedencia do material que achegemos en forma de imaxes, etc.

Actitude

Valorarase a curiosidade e o interese pola materia, a participación, o respecto ás normas da clase, aos compañeiros e ao profesorado, así como a puntualidade e asistencia.

**VALORACIÓN-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Veñen referidos ós estándares de aprendizaxe e ós instrumentos de avaliación desenrolados no apartado 6.

**Probas escritas referidas os estándares de aprendizaxe: 80% da nota**

- Realizaranse como mínimo dúas probas por avaliación.
- Puntuadas de 0 a 10.
- Farase a media de todas as realizadas ao longo do trimestre.
- Para facer a media hai que acadar unha puntuación mínima de 3 puntos.
- As probas escritas de cada tema non se recuperarán durante o trimestre.

**Cuaderno de clase referido á realización dos estándares de aprendizaxe: 20% da nota**

| | 100% | 75% | 50% | 25% | 0% |
|---|---|---|---|---|---|
| REALIZAR AS TAREFAS | SEMPRE | CASE SEMPRE | ÁS VECES | CASE NUNCA | NUNCA |
| ENTREGA EN PRAZO | CON ANTELACIÓN | ESPERA ATA O ÚLTIMO DÍA | RETRÁSASE UN DÍA | RETRÁSASE VARIOS DÍAS | NON |
| PRESENTACIÓN | MOI BOA | BOA | REGULAR | BASTANTE MALA | MALA |
| ORTOGRAFÍA | MOI BOA | BOA | REGULAR | BASTANTE MALA | MALA |
| USO DA TERMINOLOXÍA | MOI BEN | BEN | REGULAR | BASTANTE MAL | MAL |
| CORRECIÓN DAS ACTIVIDADES | SEMPRE | CASE SEMPRE | ÁS VECES | CASE NUNCA | NUNCA |
| EXERCICIOS ORDEADOS | SEMPRE | CASE SEMPRE | ÁS VECES | CASE NUNCA | NUNCA |
| ACTIVIDADES VOLUNTARIAS | 4 ACTIVIDADE | 3 ACTIVIDADES | 2 ACTIVIDADES | 1 ACTIVIDADE | NINGUNHA |
| EXPOSICIÓNS ORAIS | 4 EXPOSICIÓN | 3 EXPOSICIÓNS | 2 EXPOSICIÓNS | 1 EXPOSICIÓN | NINGUNHA |

O profesor/a revisará e valorará o caderno ao rematar cada unidade. O alumno/a entregará o caderno ou unha carpeta coas actividades realizadas ao longo da unidade.

A nota de avaliación virá dada pola suma dos apartados anteriores sendo necesario acadar 5 puntos para a probar a avaliación.

O redondeo da nota será a alza a partir de 0,50 puntos.

Todo alumno/a terá dereito a realizar os exames aos que non puidera asisitir se previamente presenta a súa correspondente xustificación( xustificante oficial de falta de asistencia entregado por non ter asistido ás clase.En caso de que non presente dito xustificante poderá ser examinado desa parte da materia na proba seguinte.

No caso de que un alumno/a copiase e/ou fixese fraude de calquera xeito nuha proba escrita ou traballo presentado levará a cualificación de 0

puntos.

O alumnado que non supere positivamente cada avaliación, deberá presentarse á recuperación que terá lugar ao finalizar o trimestre ou a comezos do seguinte, sobre a materia impartida durante ese período e que non fose superada convenientemente polo alumno.

**AVALIACIÓN FINAL**

Celebraranse tres avaliacións coas súas correspondentes recuperacións ao longo do curso. Para obter a calificación global positiva da materia é necesario ter superado as tres avaliacións; excepcionalmente no caso de ter unha avaliación con nota de 4 puntos, poderá ter unha calificación positiva sempre que a media das tres avaliacións sexa con unha nota de 5 puntos ou superior.

A nota final do curso obterase da media das tres avaliacións. Se non fose así, e o alumno non acadase unha calificación positiva da materia, deberá presentarse a un exame final no mes de xuño que versará sobre os contidos das avaliacións suspensas. Será puntuado de 0 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para aprobar o exame.

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Na lexislación vixente está prevista unha convocatoria extraordinaria no mes de setembro para o alumnado que non teña acadado unha cualificación positiva na convocatoria de xuño. As datas de realización das probas de setembro serán acordadas polo centro e serán públicas. O Departamento confeccionará un modelo de proba escrita, semellante ás probas feitas durante o curso. O alumnado deberá obter unha nota mínima de 5 puntos para obter unha cualificación positiva.

Aqueles alumnos que non acaden a cualificación positiva e promocionen de curso, levarán a materia pendente.

**RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES**

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores poderán recuperala, da seguinte maneira:

- Realizando probas escritas, nas datas marcadas pola Xefatura de Estudos. Haberá duas probas nas que entrará a metade da materia impartida durante o curso anterior. Serán calificadas de 0 a 10 puntos e contará o 70 % da nota.
- Realización de traballos, actividades e/ou boletíns de exercicios para cada parte da materia, que serán proporcionados polo Departamento para a súa solución polo alumnado pendente, para ser entregados nas datas dos exames. Serán calificados de 0 a 10 puntos e contará o 20 % da nota.
- A marcha do alumnado pendente durante o curso actual será valorada positivamente e a cualificación que teñan no curso contará un 10 % da nota.

De acadarse unha nota mínima de 5 puntos tense superada cada parte. As dúas partes superadas dan o aprobado da asignatura. De non acadar un 5 haberá que facer unha proba final (xeralmente en maio), na data que estableza a Xefatura de Estudos, na que entrará a parte ou partes que se manteñan suspensas. Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e contabilizará o 70 % da nota á que se lle sumará o 20 % dos boletíns de actividades e o 10 % da marcha do curso. De acadarse un 5 ou máis terá aprobada a asignatura. De non ser o caso, en setembro, na data establecida pola Xefatura de Estudos, haberá unha proba xeral de toda a materia, que será cualificada de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar como mínimo un 5 para aprobar a asignatura.

Para cada alumno/a coa materia pendente elaborarase unha ficha individual de seguimento na que figurará a área pendente, obxectivos,contidos e actividades propostas que o alumno/a realizará durante o curso e que lle van a facilitar a preparación dos contidos. Estas actividades lle serán

proporcionadas polo profesor/a responsable da área pendente e a este mesmo docente é ao que o alumno/a terá que entregarllas realizadas e nas datas propostas.

A continuación aparece a **Ficha de Seguimento do Alumnado Pendente**:

ÁREA DE_______________________________________________________

Nome e apelidos do alumno/a_____________________________________

Curso e grupo actual_____________________________________________

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | ACTIVIDADES PROPOSTAS |
|---|---|---|
| | | |

| | ACTIVIDADES | DATA ENTREGA | DATA EXAMES |
|---|---|---|---|
| 1º PARCIAL | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2º PARCIAL | | | |
| EXAME FINAL | | | |
| PROBA EXTRAORD. SETEMBRO | | | |

| CRITERIOS DE CUALIFCACIÓN |
|---|
| |

Sinatura Pai/Nai/Titor legal

Sinatura do profesor/a

# SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

Para o alumnado repetidor preparamos un plan específico personalizado cos seguintes obxectivos:

- que o alumno/a acabe por acadar as competencias básicas da materia
- contribuir a mellorar a súa aprendizaxe de cara a obter resultados positivos
- previr o abandono escolar

Elaboramos a seguinte Ficha de Seguimento do Alumnado Repetidor:

**Nome do alumno/a repetidor/a:**

| **Tutor/a:** | |
|---|---|
| **Curso:** | **Grupo:** |

1.- DATOS DE INTERESE RECOLLIDOS NO EXPEDIENTE ACADÉMICO:

2.- PROBLEMAS DETECTADOS QUE CONTRIBUIRON A REPETIR:

## 3.-RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

## 4-ANÁLISE DOS PUNTOS FORTES E PUNTOS DÉBILES:

**Puntos Fortes:**

| | | |
|---|---|---|
| ☐ Asistencia regular a clase | ☐ Interese e motivación | ☐ Colaboración famliar |
| ☐ Hábito de estudo | ☐ Reflexividade | ☐ Cumpre as normas |
| ☐ Boa capacidade de aprendizaxe | ☐ Fai as tarefas | ☐ Mantén a atención |

Outros:

**Puntos Débiles:**

| | | |
|---|---|---|
| ☐ Asistencia irregular a clase | ☐ Interese e motivación | ☐ Falla de colaboración |
| ☐ Hábito de estudo | ☐ Impulsividade | ☐ Non cumpre normas |
| ☐ Lentitude na aprendizaxe | ☐ Non fai as tarefas | ☐ Non mantén atención |

Outros:

| |
|---|
| |

5.- PLAN DE INTERVENCIÓN

- ☐ Adaptación Curricular Non significativa
- ☐ Desenvolvemento dun conxunto de actividades programadas

| Actuacións | Tarefas | Seguimento |
|---|---|---|
| | | |

6.-COMPROMISO DO ALUMNO/A:

7.- INFORMACIÓN Á FAMILIA:

Como Profesor/a do alumno/a____________________________ que actualmente repite___________, infórmolles que imos levar adiante un Plan Personalizado orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Dito Plan inclúe as seguintes medidas:

- ☐ Adaptación Curricular Non significativa
- ☐ Desenvolvemento dun conxunto de actividades programadas

Para elo necesitamos contar coa súa colaboración e pedímoslles que se comprometan a controlar que o alumno/a realice diariamente as tarefas e que traía o material necesario.

Observacións que desexe facer constar a familia:

Fdo. O Profesor/a Fdo.Pai/Nai/Titor legal

## 10. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

## ogro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 11. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso, nas reunións periódicas que celebra o departamento, se valorará o cumprimento da Programación Xeral, atendendo as Programacións de Aula de cada materia e curso, elaboradas por cada profesor e profesora.

A avaliación da Programación Didáctica é fundamental e permitirá corrixila e adecuala a realidade e ás necesidades que presenta cada grupo, tendo en conta a atención á diversidade. Ao mesmo tempo permitirá unha mellor vision para redactar a Programación do curso seguinte.

Para a realización da programación seguiremos os seguintes criterios:

1. **Criterios cuantitativos** para medir a consecución dos obxectivos planteados.

2. **Criterios cualitativos**: determinar a calidade, utilidade e proxección do aprendido polo alumnado.

Os **procedementos** para realizar a avaliación serán:

- Revisión dos resultados das tres avaliacións, tendo en conta a

avaliación inicial.

- Análise das posibles causas dos malos resultados para poder dar propostas de mellora.

- Revisar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do alumnado a vista dos resultados obtidos nas tres avaliacións.

- Valorar se as aprendizaxes son significativas.

- Estudar posibles medidas de atención á diversidade para poder aplicalas nos casos que se poidan presentar, tanto de apoio como de reforzo.

- Analizar a utilidade dos recursos empregados nas aulas para a consecución dos obxectivos e das competencias básicas.

Os **instrumentos** a utilizar para levar a cabo a avaliación desta programación serán:

- Resultados das avaliacións.

- Resultados das avaliacións do alumnado con materias pendentes.

- Cadernos do profesorado, no que se poidan valorar as intervencións do alumnado nas aulas e a realización dos traballos propostos

- Actas do departamento para contrastar o reflectido nelas

- Informes da Xuntas avaliadoras e do Departamento de Orientación.

Partindo da información obtida poderemos chegar a avaliar a Programación Didáctica que elaboramos para este curso.

## Indicadores

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.]. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato]. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato]. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach]. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato] | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato] | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

| Observacións: |
|---|
| |

## 12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesor do departamento que imparte docencia no primeiro ciclo da ESO terá unha especial atención á diversidade do alumnado nas

distintas aulas, polo que, asesorado polo Departamento de Orientación adoptará ao longo do curso, se resultara conveniente, as medidas educativas a aplicar naqueles alumnos/as que demandaran unha atención especializada tanto por motivos académicos (adaptacións curriculares individuais, ou actividades de ampliación de contidos) coma por motivos socio-culturais (alumnado procedente doutras áreas xeográficas…).

Ben se trate de medidas de reforzo ou de ampliación o Departamento atende aos seguintes principios:

- Emprego de metodoloxías diversas en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada intre necesitan os alumnos.As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.
- Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación.

As actividades educativas que se formulen deben situarse entre o que xa saben facer os alumnos de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros, de tal forma que nin sexan demasiado fáciles e, por conseguinte, pouco motivadoras para algúns alumnos, nin que estean tan afastadas do que poden realizar que lles resulten igualmente desmotivadoras, ademais de contribuír a crear unha sensación de frustración nada favorable para a aprendizaxe. Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axusta-lo grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades.

O profesorado e en coordinacion co Departamento de Orientacion, establecera as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren ao alumnado con necesidades educativas especiais o seu adecuado progreso.

Realizaranse as adaptacions curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliacion do curriculo. Ditas adaptacions cumpriran o procedemento de autorizacion determinado pola Conselleria de Educacion.

Todo isto sera coordinado co Departamento de Orientacion e co profesorado que imparta as materias deste Departamento, pudendo ser revisado se a situacion cambiase.

**13. LIBRO DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS**

O material principal será o ordenador portátil do proxecto EDIXGAL.

Ademais pódense empregar outros materiais didácticos.

O Departamento tamén utiliza os seguintes materiais:

• Guías e recursos didácticos os diferentes proxectos curriculares, que se corresponden cos diferentes cursos e materias, que ofrecen unha serie de recursos básicos para que cada profesor e profesora poida desenvolver diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes do alumnado en función das súas necesidades concretas, presentan numerosas actividades de reforzo e de ampliación para cada tema, pudendo atender á diversidade de alumnado que se presentan na aula.

- Mapas murais xeográficos, físicos e políticos do Mundo, de Europa, de España, de Galicia
- Mapas murais históricos das diferentes etapas
- Atlas xeográficos e históricos
- CDRom: reportaxes xeográficos e históricos
- DVDS: reportaxes e películas relacionados con diferentes temas
- Ordenadores para a utilización das novas tecnoloxías na didáctica das diferentes materias.
- Textos elaborados polo profesorado ou extraídos de fontes diversas.
- Prensa
- Informes sobre materias específicas.
- Libros co contido da área ou de creación literaria

O emprego de cada un destes materiais dependerá de cada profesor e do momento axeitado durante o curso.

## 14. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN LECTOR

Para contribuír ao Plan Lector, dende o Departamento de Ciencias Sociais potenciarase a mellora da comprensión lectora, oral e escrita a través de diferentes tipos de textos e libros axeitados a cada nivel.

Serán propostas actividades de lectura comprensiva de textos relacionados coa materia, realización de esquemas e resumes, expresión

escrita cunha redacción axeitada e sen faltas de ortografía, lectura en voz alta, redacción de libretas e traballos cunha boa presentación, realización de traballos de investigación sobre temas da materia, etc.

A realización destas activades dependerá de cada profesor y do momento adecuado ao desenrolo das mesmas e da materia impartida.

## 15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

Para contribuír ao Plan TIC, dende o Departamento de Ciencias Sociais potenciarase o emprego das novas tecnoloxías e o fomento da busca de informacióne a realización de actividades e exercicios empregando estas ferramentas.

Potenciarase a realización de actividades empregando os procesadores de textos, follas de cálculo, gráficas, etc. coa intención de fomentar e capacitar ó alumnado no emprego destas ferramentas, para que sexa capaz de buscar, obter, procesar e comunicar información, y para transformala en coñecemento.

No actual curso, como nos pasados, empregaremos as TICs en:

- Presentacións Power Point para explicar algúns temas do currículo na ESO e no Bacharelato
- Busca de información na rede, por parte dos alumnos, para facer pequenos traballos de investigación
- Fomentar o uso da busca desta información a través de exercicios con preguntas dirixidas
- Visitas a páxinas de cartografía dixital e a bancos de imaxes

xeográficas para meteoroloxía, localización espacial ...

- Visitas a páxinas de contidos históricos e xeográficos para realización de xogos e actividades lúdicas
- Visitas virtuais a museos e visitas a museos virtuais.

A realización destas activades dependerá de cada profesor y do momento adecuado ao desenrolo das mesmas e da materia impartida.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Ciencias Sociais e Xeografía e Historia está disposto a realizar ó longo do presente curso, aquelas actividades extraescolares que sexan de interese para o alumnado segundo os distintos niveis educativos.

Entre as posibles actividades que se poderán levar a cabo destacaríamos as visitas a lugares de interese xeográfico, histórico, artístico ou cultural. Poderían ser excursións a cidades situadas dentro ou fora da nosa comunidade autónoma. O alumnado podería visitar museos, ou outros lugares de interese, tendo sempre en conta o seu nivel educativo. Ademáis sería conveniente aproveitar ditas actividades coa materia que o profesorado estea a impartir na aula.

Tamén sinalar que os membros do Departamento estarán abertos a calquera actividade que propoñan outros Departamentos, e desexen contar coa nosa colaboración. Igual que se chegan ó centro informacións para que o Departamento participe co alumnado nas actividades ofertadas.

Co fin de evitar que as actividades realizadas fora da aula sexan unha mera excursión sen contido nin relación coa materia escolar, cando sexan organizadas polo departamento daráselle aos alumnos unha guía da actividade que constará de:

-Explicación na aula sobre o que se pretende coa actividade

-Guía de traballo que pode constar de dous tipos de fichas

-Informativas (textos, planos, fotografías, mapas...)

-De actividades para o alumnado, a desenvolver á volta da

visita ou actividade.

PROPOSTA DE VISITAS QUE SE PODEN PLANTEXAR

1-Compostela

-Arte románica e barroca polas rúas e monumentos de Compostela (2º BAC).

-Museo do Pobo Galego e outros museos compostelanos.

-Parlamento Galego.

2-Coruña

-Casa do Home, Planetario, Torre de Hércules...

3-Pontevedra

-Museo Provincial.

-Urbanismo anterior ao S.XX e arquitectura monumental dende o cisterciense ao barroco.

4-Tui.

-Urbanismo medieval e arquitectura monumental dende o románico ao barroco.

5-Celanova- Bande.

-A Galicia interior, campamento romano de Acquis Querquennis, iglesia visigótica de Sª Comba de Bande. S. Miguel de Celanova, Mosteiro de Celanova. Galicia dende Roma ata o S.XIX.

6-Vilanova de Arousa.

-As actividades do mar. Visita a unha lonxa, unha batea, participar

no marisqueo a pé.

-As actividades do agro. Visita a unha cooperativa agrícola (Horsal) ou a un invernadoiro.

-As actividades industriais. Visita a conservas Pérez Lafuente.

**17. DATOS DO DEPARTAMENTO**

| Profesor | Materia | Curso | Grupos |
|---|---|---|---|
| María del Carmen Muñiz Mirás | Xeografía de España | 2º Bacharelato | 1 |
| | Historia do Mundo Contemporáneo | 1ºBacharelato | 1 |
| | Xeografía e Historia | 2º ESO | 3 |
| Susana Vázquez Prieto | Historia de España | 2º Bacharelato | 1 |
| | Xeografía e Historia | 4º ESO | 2 |
| | Xeografía e Historia | 1º ESO | 3 |
| Celia Morado Acuña | Historia de España | 2º Bacharelato | 2 |
| | Xeografia e Historia | 3º ESO | 2 |
| | Xeografia e Historia | 2º ESO | 1 |

Asdo. Celia Morado Acuña

En Vilanova de Arousa a 23 de setembro de 2022

## 18. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).